

# Boletín Oficial

## DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

### PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año.....36,06 €  
Al semestre.....24,04 €  
Mas gastos de envío  
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.

### VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS

Por ejemplar de hasta 8 páginas .....0,60 €  
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas .....0,90 €  
Por ejemplar de más de 12 páginas ..... 1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

### ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES

Por cada palabra o números.....0,15 €  
- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.  
- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.  
- Importe mínimo de publicación.....6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)  
Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."

## XUNTA DE GALICIA

### Consellería de Traballo

Delegación Provincial de Lugo

RELACIONS LABORAIS

CONVENIOS COLECTIVOS

Exp. 0016-2006 (Código 2700325)

Visto o texto do convenio colectivo para o sector "HOSTELERIA DA PROVINCIA DE LUGO", asinado o día 27 de xullo de 2006, pola representación da Asociación de Empresarios de Hostelería da Provincia de Lugo e das centrais sindicais CC.OO. (40.7%), U.G.T. (37.3%), C.I.G. (15.3%) e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real Decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

ESTA DELEGACIÓN PROVINCIAL, ACORDA:

PRIMEIRO: Ordena-la inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta Delegación, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Remiti-lo texto do mentado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

TERCEIRO: Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 22 de agosto de 2006.- O DELEGADO PROVINCIAL, José Miguel Vázquez Calvo; PA. O SECRETARIO PROVINCIAL (Art. 8º.3.1 Decreto 536/2005, de 6 de outubro) Antonio Dacal López.

## CONVENIO COLECTIVO DE HOSTELERÍA DA PROVINCIA DE LUGO

### I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Art. 1º.- **Ameto de aplicación.**- O presente convenio colectivo de traballo rexirá para toda a provincia de Lugo, regulando as relacións de traballo entre as empresas e os traballadores e a quenes sexa de aplicación o III Acordo Laboral de ámeto estatal do sector de hostelería, aprobado por Resolución de 14 de abril de 2005 [BOE do 5 de maio]. En todo o que non esteña modificado polo presente texto de convenio será de aplicación, subsidiariamente, o mentado Acordo Laboral e as normas contidas no Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Art. 2º.- **Vixencia e duración .**- O presente convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2005 e rematará a súa vixencia o 31 de decembro de 2009.

Art. 3º.- **Denuncia.**- O presente convenio deberá ser denunciado por calquera das partes, dacordo coa lexislación vixente, con unha antelación mínima dun mes á data de finalización do mesmo. A ausencia significará a prórroga do mesmo por periodos anuais nos mesmos termos que o presente texto, salvo no referente á táboa salarial.

Art. 4º.- **Vinculación á totalidade.**- As condicións pactadas no presente convenio forman un todo orgánico e indivisible e, a efectos da súa aplicación práctica, serán considerados globalmente.

No caso de nulidade parcial por modificación de calquera das súas condicións, quedará na súa totalidade sen eficacia práctica, debendo negociarse todo o seu contido.

Art. 5º.- **Garantías personais e das condicións labo-**

rais.- Respetaranse as condicións superiores pactadas a título individual que as empresas teñan pactado ou establecido á entrada en vigor do presente convenio e que globalmente e en cómputo anual excedan do mesmo, manténdose ditas condicións como "ad personam".

Art. 6º.- Publicidade.- As empresas afectadas por este convenio terán que expoñer nos seus centros de traballo un exemplar do mesmo para coñecemento de todo o persoal.

## II.- RETRIBUCIÓNS

Art. 7º.- Salario Base.- Nas taboas salariais anexas especificanse os salarios correspondentes a cada categoría profesional para os anos 2005 e 2006. Para o resto dos anos de vixencia do presente Convenio, as partes firmantes aprobarán as táboas salariais que correspondan conforme ó establecido no artigo de incremento salarial.

En todo momento respetarase, como mínimo, que o salario base sexa igual ao salario mínimo interprofesional.

Art. 8º.- Incremento salarial.- Para cada unha das anualidades de vixencia do presente Convenio o incremento será o que se sinala a continuación:

2005: Para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2005 ó 31 de decembro de 2005, serán de aplicación os salarios recollidos na táboa anexa I, que supoñen un incremento do 3,7% sobre os salarios do ano anterior.

2006: Para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2006 ó 31 de decembro de 2006, serán de aplicación os salarios recollidos na táboa anexa II, que supoñen un incremento do 2,5% [IPC previsto do ano 2006 máis 0,5] sobre os salarios do ano anterior.

Estabrécese para o ano 2006 unha cláusula de revisión salarial de modo que, no suposto de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2006 sexa igual ou inferior ó 2,5%, se garantice 1 punto por enriba do IPC real; mentres que si o IPC real estatal a 31 de decembro de 2006 é superior ó 2,5% se garantice 0,5 puntos por enriba do IPC real. En ambos casos fariase unha revisión da táboa salarial do ano 2006 con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2006.

2007: Para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2007 ó 31 de decembro de 2007 aplicaránse sobre os salarios do ano 2006 incremento consistente no IPC previsto do ano 2007 máis 0,5.

Estabrécese para o ano 2007 unha cláusula de revisión salarial para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2007 supere o incremento inicial aplicado para o ano 2007 (IPC previsto máis 0,5). En tal caso fariase unha revisión da táboa salarial do ano 2007 nesa diferenza con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2007.

2008: Para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2008 ó 31 de decembro de 2008 aplicaránse sobre os salarios do ano 2007 incremento consistente no IPC previsto do ano 2008 máis 1.

Estabrécese para o ano 2008 unha cláusula de revisión salarial para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2008 supere o IPC previsto polo goberno para o mesmo período. En tal caso fariase unha revisión da táboa salarial do ano 2008 nesa diferenza con

efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2008.

2009: Para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2009 ó 31 de decembro de 2009 aplicaránse sobre os salarios do ano 2008 incremento consistente no IPC previsto do ano 2009 máis 1.

Estabrécese para o ano 2009 unha cláusula de revisión salarial para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2009 supere o IPC previsto polo goberno para o mesmo período. En tal caso fariase unha revisión da táboa salarial do ano 2009 nesa diferenza con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2009.

Art. 9º.- Complemento de antigüidade.- Sobre dos salarios base garantizados que corresponden ao traballador relacionados na táboa salarial acreditaránse e devengaránse, cos límites establecidos no artigo seguinte, os seguintes complementos de antigüidade:

- Un 5% ao cumprir os 3 anos de servizo na empresa.
- Un 8% ao cumprir os 6 anos de servizo na empresa.
- Un 16% ao cumprir os 9 anos de servizo na empresa.
- Un 25% ao cumprir os 15 anos de servizo na empresa.
- Un 38% ao cumprir os 19 anos de servizo na empresa.
- Un 40% ao cumprir os 20 anos de servizo na empresa.
- Un 45% ao cumprir os 22 anos de servizo na empresa.
- Un 50% ao cumprir os 28 anos de servizo na empresa.

A data inicial para computar a antigüidade será a do ingreso na empresa. Na actividade de Casinos e Sociedades Recreativas de primeira e segunda categoría, os traballadores devengarán bienios a razón do 5% sin limitación algunha, sen perxucio do establecido no artigo 25 do Estatuto dos Traballadores.

Na actividade de Casinos e Sociedades recreativas de terceira e coarta categoría, continuarán devengando trienios ao 5%. O disposto nos apartados anteriores enténdese sen perxucio dos dereitos adquiridos ou no trance de adquisición no tramo temporal correspondente.

Art. 10º.- Límites ó complemento de antigüidade.- O complemento de antigüidade que se ven devengando segundo os anos de permanencia na empresa e que se recolle no artigo anterior, entenden as partes firmantes que dificulta a contratación indefinida dos traballadores.

Por este motivo, e na búsqueda de promover e consolidar a contratación e o emprego na hostelería e de algunha forma primar ás empresas que xeneren emprego fixo fomentando a estabilidade no emprego e, polo tanto, a seguridade económica dos traballadores, acórdase establecer un réximen alternativo ó complemento de antigüidade previsto no Artigo 9, que será de aplicación únicamente para ós traballadores que se incorporen ás plantillas fixas das empresas a partires do 1 de xaneiro de 1997, traballadores que percibirán polo concepto de complemento de antigüidade un 3% sobre dos salarios base garantizados na táboa salarial por cada tres anos de servizo na empresa (trienios ó 3%).

Art. 11º.- Plus de Transporte e Desgaste de Vestuario.- Establécese con carácter xeral para todo o

persoal, sen distinción, sendos pluses extrasalariais mensuais, denominados de transporte e desgaste de vestuario.

A contía do plus de transporte para o ano 2005 é de 62,34 euros mensuais para tódalas seccións e categorías profesionais do Convenio, mentres que a contía do plus de desgaste de vestuario para o ano 2005 sinálase, para cada categoría profesional, na táboa anexa I.

A contía do plus de transporte para o ano 2006 é de 63,90 euros mensuais para tódalas seccións e categorías profesionais do Convenio, mentres que a contía do plus de desgaste de vestuario para o ano 2006 sinálase, para cada categoría profesional, na táboa anexa II.

A maiores do sinalado, e ca finalidade de mellora-la masa salarial do Convenio, cos correspondentes beneficios en orden a prestacións da Seguridade Social, e igualmente ca finalidade de unifica-las contías del plus de desgaste de vestuario, as partes firmantes acordan para o ano 2006 o traspaso de parte de dito plus a salario base, traspaso que terá eficacia dende o mes de publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Con motivo de dito traspaso nas táboas salariais anexas do ano 2006 se sinala, para cada categoría profesional, a contía do salario base e plus de desgaste de vestuario ata o mes anterior á publicación do Convenio no Boletín, e a contía do salario base e plus de desgaste de vestuario dende o mes de publicación.

Nas seguintes anualidades de vixencia do Convenio o importe dos pluses extrasalariais de transporte e desgaste de vestuario serán o resultado de aplicar os incrementos salariais pactados para cada anualidade. Neste senso, a contía dos pluses de transporte e desgaste de vestuario para os anos 2007, 2008 e 2009 especificaríanse, xunto co importe do salario base de Convenio, nas táboas que se aproben polas partes firmantes en aplicación dos incrementos salariais pactados.

Os pluses de transporte e desgaste de vestuario devengaránse en todo caso en proporción á xornada efectivamente traballada, entendéndose que a cuantía establecida no presente artigo e nas táboas salariais anexas é a que corresponde para o caso de prestación de servizos a xornada completa.

Art. 11º.- Gratificación de festas patronais.- A partires do 1 de xaneiro de 2009 as empresas aboarán ós traballadores, por unha soa vez ó ano, unha gratificación con motivo da celebración das festas patronais para retribuí-lo maior traballo no sector da hostelería durante as mesmas.

Dita gratificación consistirá en contía equivalente a 7 días do salario base previsto para cada categoría profesional na táboa salarial do Convenio máis, no seu caso, a antigüidade correspondente a tal salario segundo os anos de permanencia do traballador na empresa.

A gratificación de festas patronais se aboará ós traballadores no mes no que se celebren as festas patronais da localidade de ubicación do centro de traballo.

Art. 12º.- Gratificacións extraordinarias.- Establécense dúas gratificacións extraordinarias de 25 de xullo e nadal, que se abonarán no día laborable inmediatamente anterior a ditas festividades, estas gratificacións consistirán na cantidade resultante de sumar o salario base mensual e a antigüidade corres-

pondente.

Art. 13º.- Gratificacións extraordinarias de casinos e sociedades recreativas.- Todo o persoal que preste os seus servizos en casinos e sociedades recreativas, terá dereito o percibo, ademais das gratificacións extraordinarias de 25 de xullo e nadal, dunha paga o día 5 de outubro de cada ano, sin distinción de categorías nin actividades. Ditas gratificacións poderán ser compensadas e absorbidas polas empresas, en cómputo anual, con aquelas outras que, voluntariamente, viñeran abonándose aos traballadores destas empresas. Non computará o plus de transporte e vestuario.

Art. 14º.- Plus de actividade de casinos e sociedades recreativas.- Todo o persoal que preste os seus servizos en casinos e sociedades recreativas, terá dereito, a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ó percibo dun plus de actividade na cuantía de 30 euros ó mes cotizables á Seguridade Social.

Art. 15º.- Traballo nocturno.- As horas traballadas perante o periodo comprendido entre as 12 da noite e as 8 da mañán, terán unha retribución específica incrementada nun 25% sobor do salario base.

Art. 16º.- Corrección de erros nas táboas salariais.- As partes firmantes do presente Convenio consideran que as retribucións previstas para algunhas das categorías profesionais non gardan correspondencia ca clasificación profesional que se contempla no Convenio segundo autonomía, formación, iniciativa, mando, responsabilidade ou complexidade, elo en virtude de erros produto de anteriores negociacións.

Á vista do sinalado, as partes firmantes comprométese a ir corrixindo tales erros ó longo dos anos 2007, 2008 e 2009. Os acordos que ó respecto acade a Comisión Negociadora incorporaránse ás táboas salariais correspondentes a estes anos.

### III.- TEMPO DE TRABALLO

Art. 17º.- Xornada laboral.-A xornada laboral será de 40 horas semanais de traballo efectivo, cun día e medio de descanso.

Art. 18º.- Festivos.- As festas non recuperables según a lexislación vixente, cando non se disfruten ou coincidan co descanso semanal, serán disfrutadas polo traballador noutra data. No suposto de que as festas non recuperables se disfruten de forma continuada, a empresa respetará o descanso semanal acumulando éste ao número de festas.

Art. 19º.- Licencias retribuídas.- As empresas concederán as licencias retribuídas que a continuación se indican, sen perxuízo das previstas no Estatuto dos Traballadores:

a) Por casorio do traballador, 15 días naturais; si o casorio é de pais, fillos, irmaos e cuñados, 2 días se ten lugar dentro da provincia e 4 días se é fora dela.

b) Por alumamento da dona, 3 días si reside na mesma localidade e 5 días si reside en localidade distinta.

c) Por enfermidade ou operación quirúrxica do conxuxe, pais ou fillos, 4 días ampliables a 8 cando o enfermo resida fora da provincia, a máis de 500 km. de distancia.

d) Por pasamento de conxuxe, pais ou fillos, 5 días se ten lugar na localidade ou 7 se ocorre fora dela.

e) Por enfermidade ou operación quirúrxica ou pasamento de parentes ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade non previstos nos apartados anteriores, 2 días. Cando con tal motivo o traballador necesite facer un desprazamento ó efecto o prazo será de 4 días.

f) Por enfermidade ou operación quirúrxica ou pasamento de parentes ata o tercer grado de consanguinidade ou afinidade que estean ó cargo do traballador, 2 días. Entenderáse que o familiar está ó cargo do traballador cando haxa convivencia, que se acreditará polo certificado de empadronamento ou por calquera outro medio que permita acreditar de modo inequívoco que o familiar está ó cargo do traballador.

g) O tempo necesario nos casos de asistencia a consulta do médico de cabecera da Seguridade Social sempre que coincida o horario de consulta co do traballo, debendo presenta-lo traballador ó empresario xustificante de ter asistido á consulta. Igualmente o tempo necesario nos casos de asistencia a consulta médica de especialista da Seguridade Social cando, coincidindo o horario de consulta co do traballo, se prescriba dita consulta polo facultativo de medicina xeral, debendo presenta-lo traballador o volante xustificativo da referida prescripción médica.

h) Polo tempo necesario para acompañamento de fillos menores de 6 anos a consulta do pediatra da Seguridade Social ou consulta de especialista da Seguridade Social prescrito por éste, en ambos casos coincidindo o horario de consulta co do traballo e tendo que presentar o traballador volante xustificativo de tal acompañamento.

i) Por traslado de domicilio, dous días.

j) Por asuntos propios, dous días.

A referencias feitas no presente artigo ó cónxuxe se entenderán feitas á parella de feito que conviva co traballador ou traballadora sempre que ésta estea debidamente inscrita no rexistro de parellas de feito do concello correspondente.

Art. 20º.- Vacacións.- O período de vacacións anual terá unha duración de 30 días naturais. Os traballadores menores de 18 anos e maiores de 60 terán 32 días de vacacións naturais. A retribución correspondente ao período vacacional estará constituída polo salario base, antigüidade e os pluses.

A partires da data de publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para o caso de que, iniciado o período de disfrute das vacacións, o traballador pase a situación de Incapacidade Temporal, se recoñece o dereito ó sinalamento dun novo período de disfrute de vacacións polo tempo que restara ó iniciarse a situación de I.T. Neste caso será o empresario o que fixe o período de disfrute das vacacións restantes.

#### IV.- ACCIÓN SOCIAL

Art. 21º.- Xubilación especial ós 64 anos.- Será de aplicación no presente Convenio a xubilación do traballador aos 64 anos nos termos establecidos no Real Decreto 1194/1985, do 17 de Xullo, debendo as empresas substituí-lo traballador simultaneamente ó seu cese por xubilación por outro traballador nas condicións previstas no citado Real Decreto.

Art. 22º.- Xubilación parcial.- Ao amparo do artigo 166.2º da Lei da Seguridade Social e do artigo 12.6º do Estatuto dos Traballadores, reconócese ós traballadores o dereito a pasar a situación de xubilación parcial con redución da xornada sempre que se reúnan os requisitos, de idade e outros, legalmente exixidos.

Se o traballador que pretende a xubilación parcial conta entre 60 e 64 anos de idade, a empresa haberá de suscribir, simultaneamente á redución da xornada do xubilado, un contrato de relevo cun traballador desempregado ou cun traballador ligado á empresa por contrato temporal para a substitución de aquél na parte, a lo menos, da xornada deixada vacante.

Ós efectos de que a empresa poida cumprir cas súas obrigas de modo axeitado, o traballador interesado na xubilación parcial haberá de comunicalo á empresa cunha antelación mínima de tres meses á data efectiva de xubilación parcial.

O traballador xubilado parcialmente e a empresa poderán acordar a acumulación da parte da xornada na que o traballador xubilado parcialmente continúa a traballar. No caso de que o traballador se xubile cunha redución da xornada inferior ó 50% a acumulación terá lugar sempre que a empresa estea interesada nela.

Art. 23º.- Incapacidade temporal do traballador.- No caso de incapacidade temporal do traballador, tanto derivada de accidente como de enfermidade, a empresa complementará o 100% do salario real (salario base e pluses) mentras dure tal situación.

Art. 24º.- Póliza de seguros.- Tódalas empresas afectadas polo presente convenio suscribirán, a partires de que se cumpran dous meses a contar dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, unha póliza de accidentes de traballo que, no caso pasamento do traballador ou traballadora, seu cónxuxe, ou herdeiros legais, e, no caso de invalidez permanente, o traballador ou traballadora percibirá 18.000 euros.

Art. 25º.- Liquidación por cese.- 1.- Cando o traballador cause baixa na expresa lle será aboada a liquidación de salarios que legalmente lle corresponda.

2.- Os traballadores que, tendo a antigüidade que seguidamente se expresa e idades comprendidas entre os 60 e os 65 anos, causen baixa na empresa, pola súa vontade, terán dereito ó disfrute de vacacións retribuídas nas seguintes duracións:

- De 5 a 9 anos de antigüidade, 2 mensualidades.
- De 10 a 14 anos de antigüidade, 3 mensualidades.
- De 15 a 19 anos de antigüidade, 4 mensualidades.
- A partir dos vinte anos de antigüidade, 5 mensualidades.
- Unha mensualidade máis por cada 5 anos que escedan dos 20 de referencia.

Durante as vacacións ás que se fai referencia no parágrafo anterior o traballador será retribuído co salario base máis antigüidade. De conformidade co previsto no Artigo 38 do Estatuto dos Traballadores, só no caso de imposibilidade de disfrute das vacacións sinaladas, o traballador xeraría dereito a compensación económica.

3.- O mesmo dereito a vacacións retribuídas previsto

no apartado anterior terán os traballadores que, tendo as antigüedades que se expresan, pasen a situación de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez.

#### V.- CONTRATACIÓN

Art. 26º.- Período de prueba.- No ámeto de aplicación do presente convenio poderán pactarse por escrito un período de prueba con sujeción ós seguintes límites de duración:

\* Técnico titulados: 6 meses

\* Resto dos traballadores: dous meses

Art. 27º.- Contratación eventual.- Os contratos de duración determinada regulados no Artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, poderán ter unha duración máxima de doce meses dentro dun período de deuceito meses.

Art. 28º.- Contrato para a Formación.- O número máximo de traballadores para a formación por centro de traballo que as empresas poden contratar non poderá ser superior á seguinte escala:

Hasta 7 traballadores	1
De 8 a 15 traballadores	2
De 16 a 30 traballadores	3
De 31 a 50 traballadores	4
De 51 a 100 traballadores	8
De 101 a 250 traballadores	10 ou o 8% da plantilla
De 251 a 500 traballadores	20 ou o 6% da plantilla
Máis de 500 traballadores	30 ou o 4% da plantilla

A retribución dos traballadores contratados para a formación non poderá ser inferior ó 100% do Salario Mínimo Interprofesional vixente para cada ano.

Art. 29º.- Contrato a tempo parcial.- 1.- Nos contrados a tempo parcial de media xornada ou inferiores á media xornada, o horario de traballo será continuado, salvo que existan causas que xustifiquen a xornada partida.

Entenderáse que existe causa xustificativa de tal xornada en todo caso canto a xornada partida sexa unha opción do traballador afectado, cando as necesidades do posto de traballo exixan a prestación de servizos a distintas horas ou cando concurran razóns técnicas, organizativas ou productivas que xustifiquen o horario.

2.- Ós efectos de facilitar que os traballadores contratados a tempo parcial vexan incrementada a súa xornada laboral, no caso de que a empresa necesite acudir a unha nova contratación para cubrir o mesmo posto de traballo que o traballador empregado a tempo parcial, éste terá dereito preferente a ver ampliada a súa xornada de traballo. A estes efectos, as empresas que precisen realizar unha nova contratación no marco xa indicado, comunicarán ó traballador contratado a tempo parcial a noca xornada e o horario de traballo que resultaría de exercitar o seu dereito preferente á ampliación da xornada, debendo o traballador dar resposta á empresa en orden a se exercita ou non o seu dereito preferente no prazo de 48 horas dende a comunicación da empresa.

Nestes casos a empresa non terá que recoñecer, con relación á nova xornada ampliada e, polo tanto, aboar, a antigüedade que o traballador tivera recoñecida polo resto da xornada.

Art. 30º.- Indemnización por fin de contrato.- Á finalización dos contratos de duración determinada, salvo nos casos do contrato de interinidade, do contrato de inserción e dos contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resultaría de aboar oito días de salario por cada ano de servicio.

Dita indemnización será, a partires da data de publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de doce días de salario por cada ano de servicio no caso de empresas que non acaden unha taxa de emprego fixo do 80%.

#### VI.- COMISIÓNS ESPECÍFICAS

Art. 31º.- Formación Profesional.- As partes asinantes acordan constituir unha Comisión Paritaria provincial sectorial de Formación Profesional, integrada por 1 representante de cada unha das centrais sindicais firmantes do Convenio e un número de representantes da Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Asociación de Empresarios de Salas de Festas e Discotecas de Lugo igual ó total das centrais sindicais .

Serán funcións desta Comisión :

a) Requerir das Administracións autonómicas competentes o recoñecemento desta Comisión como interlocutor social sectorial, que reciba a información existente sobre programas e cursos de Formación Profesional con financiación oficial que afecten ó Sector da Hostelería, co fin de colaborar tanto nos que esten en marcha, como os que se poidan programar en adiante.

b) Facer plans formativos necesarios para conseguir a homologación das cualificacións profesionais de traballadores técnicos, administrativos e manuais, cos seus equivalentes na Comunidade Económica Europea, con vistas á entrada en vigor do Mercado Unico.

c) Cantas outras funcións a Comisión se atribua orientadas ó desenrolo e mellora da Formación Profesional no Sector na Provincia de Lugo.

Art. 32º.- Comisión de Seguridade e Hixiene no Traballo. As partes signatarias acordan constituir unha Comisión Paritaria Provincial Sectorial de seguridade e Hixiene no Traballo, integrada por un representante de cada unha das Centrais Sindicais firmantes do Convenio e un número de representantes da Asociación de Empresarios de Hostelería de Lugo, igual ó total das Centrais Sindicais.

Ambas representacións comprometéense a manter reunións periódicas, previa convocatoria de calquera das partes con 15 días de antelación.

As funcións básicas da Comisión de Seguridade e Hixiene terán como obxetivos prioritarios:

1º.- Promove-la observancia das disposicións legais vixentes para a prevención dos riscos profesionais no ámbito do sector.

2º.- Prestar asesoramento a os empresarios e traballadores para evitar e/ou reducir os riscos que atenten á integridade física e á saúde dos traballadores.

3º.- Dar a coñecer as normas e procedimentos que en materia de Seguridade e Hixiene dicten os Organismos especializados nesta materia.

4º.- Solicitar informes sobre os resultados estadísticos dos recoñecementos médicos que se realicen aos traballadores deste sector.

Cantas outras funcións a Comisión se atribua orientadas ó desenrolo e mellora da seguridade e hixiene no traballo, no sector, na provincia de Lugo.

#### VII.- OUTRAS MATERIAS

Art. 33º.- Roupa de Traballo.- As empresas facilitarán ó seu persoal dous uniformes ó ano, en aqueles supostos nos que a empresa establezca condicións determinadas en orden ó modelo ou cor das prendas a empregar durante a xornada de traballo, excluíndose polo tanto desta obrigación o emprego de pantalón negro e camisa branca.

O mencionado uniforme será de emprego obligatorio por parte do persoal durante a xornada laboral, dentro dos locais da empresa ou fora de eles, no exclusivo caso de que a saída sexa en cumprimento das súas funcións laborais.

Os traballadores deberán empregar e conservar con dilixencia os uniformes, que recibirán en calidade de depósito e que devolverán no caso de cesar na empresa.

Art. 34º.- Formación de manipulador de alimentos.- A partires da data de publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a empresa faráse cargo da formación do traballador en materia de manipulación de alimentos nos seguintes casos:

- a) Cando sexa necesario un reciclaxe ou posta ó día.
- b) Cando teña lugar un cambio de posto de traballo que exixa formación na materia.

Art. 35º.- Servicios extraordinarios.- Consideranse servicios extraordinarios de restauración aqueles que, polas especiais características da súa prestación, breve duración, carácter irregular e número de comensales ou clientes, tales como banquetes e cócteles de celebracións sociais, non podan ser prestados polos traballadores ligados á empresa mediante contrato fixo ou de outra modalidade, facendo necesaria a contratación de traballadores axeos á empresa ós efectos de prestar tal servizo extraordinario.

Os servizos ós que se fai referencia no parágrafo anterior terán unha duración mínima de 3 horas e máxima de 6 horas, computándose como extraordinarios as que excedan deste último límite.

No caso de servizos extraordinarios inferiores a 3 horas, se aboarán os mesmos en base ó valor da hora extraordinaria establecida para os servizos extraordinarios.

A comida será facilitada pola empresa ós traballadores que presten os servizos regulados neste artigo no caso de servizos de almorzo e cea, polo xeral nos quince minutos anteriores á prestación do servizo, enténdese que estes quince minutos para comidas forman parte da xornada do servizo extraordinario.

O uniforme dos traballadores afectados polo presente artigo será aportado por éstos, e consistirá en chaquetilla negra, camisa branca, pantalón negro, calcetíns negros, zapatos negros e lazo negro, así como as ferramentas básicas de traballo tal é o caso do sacacorchos.

Salario servizo extraordinario: 45 euros.

Hora extra no servizo extraordinario: 10,50 euros.

Art. 36º.- Subrogación empresarial.- Ca finalidade de favorecer-lo principio de estabilidade no emprego, a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos supostos de sucesións por concesións administrativas operará en todo caso a

subrogación contemplada no III Acordo Laboral de ámeto estatal do sector de hostelería, aprobado por Resolución de 14 de abril de 2005 (BOE do 5 de maio).

#### VIII.- COMISIÓN PARITARIA E AGA

Art. 37º.- Comisión Mixta Paritaria.- Coa denominación de Comisión Mixta Paritaria, constitúese un órgano de interpretación, arbitraje e vixilancia do cumprimento deste convenio. Esta comisión queda integrada por 5 representantes das asociacións empresariais e ou outros tantos dos sindicatos firmantes (CC.OO. 2 representantes, U.G.T. 2 representantes e a C.I.G. 1 representante).

A Comisión reunirse á solicitude de calquera das partes, previa convocatoria cunha antelación de 3 días, debendo acompañar á convocatoria a proposta do orde do día, por escrito.

Art. 38º.- AGA.- As partes firmantes deste Convenio consideran o Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA) como o canal idóneo para a solución dos conflitos colectivos laborais.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAIS E FINAIS

Disposición Adicional Primeira.- As partes firmantes entenden que as táboas salariais do Convenio haberán de ser modificadas ós efectos de simplificar-las mesmas e adapta-las seccións e categorías profesionais ás necesidades actuais do sector.

A tales efectos a Comisión Negociadora do Convenio estivo a traballar durante a negociación, acadando o compromiso de adapta-la táboa salarial do ano 2007 a unha máis razoable acomodación da organización do traballo.

Si, como consecuencia da adaptación de táboa salarial á que se fai referencia neste artigo o salario base de Convenio de algunha das categorías profesionais sufrira detrimento, as empresas virán obrigadas a manter a diferenza que se produza, como condición máis beneficiosa, nun complemento persoal que non será nin absorbible nin compensable.

Disposición Adicional Segunda.- Os atrasos por diferenzas de salarios consecuencia da tardía publicación do presente Convenio haberán de aboarse dentro dos dous meses seguintes á publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ou Diario Oficial de Galicia.

Disposición Adicional Terceira.- O dereito á manutención previsto nas táboas salariais enténdese sempre que o traballador preste servizos no horario de comidas.

Disposición Final Única.- Entenderase por soldos anuais o resultado de multiplica-los salarios mensuais por 12 engadindo o importe das dúas pagas extraordinarias e, no ano 2009, o importe da gratificación de festas patronais. No caso de persoal que preste servizos en casinos e sociedades recreativas terase en conta, a maiores, a paga extraordinaria específica de casinos e sociedades recreativas.

**CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE HOSTELERIA DE LUGO  
TÁBOA SALARIAL 2005**

**ESTABLECEMENTOS DA SECCIÓN PRIMEIRA**

Hotels, Hostales e Balnearios	5 Estrelas		4 Estrelas		3 Estrelas		2 Estrelas		1 Estrela	
	S. Base	P. Vest.	S. Base	P. Vest.	S. Base	P. Vest.	S. Base	P. Vest.	S. Base	P. Vest.
<b>Persoal de recepción</b>										
Xefe de recepción e cont. xeral	808,45	102,77	780,39	97,41	754,14	95,44				
Xefe seg. e recepc. e caixeiro	701,61	89,91	673,66	87,09	648,94	80,84				
Contable	780,39	98,20	754,14	95,28	726,14	92,64	701,61	89,91	649,07	84,36
Recepcionista	679,85	89,04	650,84	84,45	624,56	84,45	607,97	69,20	605,93	14,83
Interventor e Ofic. Administr. Aux. administr. E telefonista. Axt. Recep. Porteiro serv.	631,54	81,95	608,31	77,57	607,25	48,16	606,22	22,04	605,86	13,22
<b>Persoal de Conserxería</b>										
Primeiro Conserxe de día	650,84	84,45	624,56	81,69	607,97	69,20	606,94	41,13	605,86	13,22
Conserxe de noite	631,54	81,95	608,31	77,92	595,96	48,16	606,22	22,04	664,77	22,04
Vixiante de noite	607,23	48,16	606,22	22,04	606,22	22,04	606,22	22,04	606,22	22,04
Axudante de Conserxe	607,23	48,16	607,25	48,16	606,22	22,04	606,22	22,04	606,22	22,04
Mozo, mozo dos recados	606,22	22,04	606,22	22,04	606,22	22,04	606,22	22,04	606,22	22,04
<b>Persoal de Cociña</b>										
Xefe de Cociña	843,69	111,15	815,54	104,81	776,05	97,41	764,64	95,84	650,84	84,45
2º Xefe	731,39	92,80	703,45	89,82	703,20	86,89	650,84	84,45	624,56	81,69
Cociñeiro repost.	650,84	84,45	631,54	81,95	608,19	130,83	607,71	62,75	606,87	36,04
Axud. Cociña. Pinche	650,63	79,23	608,31	77,92	606,84	37,77	606,22	22,04	606,22	22,04
Fregadora	606,22	22,04	606,22	22,04	606,22	22,04	606,22	22,04	606,22	22,04
Encarg. Económico. Bodegueiro	659,59	84,87	631,54	81,95	608,20	74,99	607,75	63,93	607,25	48,16
<b>Persoal de Comedor</b>										
Xefe de Comedor	854,26	107,50	822,54	105,07	775,99	102,87	796,23	104,57	670,10	86,92
